

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES
CURSO: 5º DE PRIMARIA
DATA: 15-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 16	CENTRO:CEIP PLUR. SOBREIRA-VALADARES CURSO: 5º E.P. MATERIA: INSTRUMENTAIS , NATURAIS E SOCIAIS.
--	-------------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas.
<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> • Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.
<ul style="list-style-type: none"> • Ler, escribir, ordenar e interpretar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os números romanos. • Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais e fraccións), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
<ul style="list-style-type: none"> • Realizar operacións e cálculos numéricos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Calcula fraccións equivalentes. • Ordena fraccións.
<ul style="list-style-type: none"> • Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. • Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. • Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar. • Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. • Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. • Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta. • Calcula potencias.
<ul style="list-style-type: none"> • Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias, creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

LINGUA CASTELÁ

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos. • Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións. • Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse. • Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados. • Interpreta de forma global o sentido de elementos básicos do texto.
<ul style="list-style-type: none"> • Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas propias ideas comprensiblemente. • Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación. • Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
<ul style="list-style-type: none"> • Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse.. • Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas.

<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende de forma global a información xeral de textos orais, identifica o tema e selecciona as ideas principais. • Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura). 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema. • Identifica as palabras clave dun texto. • Interpreta mapas conceptuais sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> • Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona lecturas con criterio persoal e manifesta a súa opinión sobre os textos lidos.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
<ul style="list-style-type: none"> • Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar. • Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico. • Presenta un informe, utilizando soporte papel e informático, sobre situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. • Amona na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar de xeito autónomo o dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.
<ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuizos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información.
<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, expresar características do nome, expresar estadosmou relacionar palabras. • Diferenza familias de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. • Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.
<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. • Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. • Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas. • Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia.

<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> • Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
<ul style="list-style-type: none"> • Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. • Respecta as opinións dos e das demais.
<ul style="list-style-type: none"> • Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista e respectuosa.
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. • Identifica as ideas principais e secundarias dun texto. • Identifica a estrutura dun texto. • Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información de esquemas sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de esquemas sinxelos, relacionándoa co contido do texto que acompaña.
<ul style="list-style-type: none"> • Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. • Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. • Realiza o resumo dun texto sinxelo.

<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza as tecnoloxías da información para localizar, seleccionar e organizar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. • Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
<ul style="list-style-type: none"> • Realizar diferentes tipos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
<ul style="list-style-type: none"> • Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades, dando a súa opinión.
<ul style="list-style-type: none"> • Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións. • Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. • Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). • Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. • Escribe e presenta textos propios elaborando borradores. • Usa o dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> • Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións.
<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
<ul style="list-style-type: none"> • Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, 	<ul style="list-style-type: none"> • Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes

tratamento dos textos e realización de presentacións.	<p>dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprega procesadores de textos con certa autonomía. • Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.
<ul style="list-style-type: none"> • Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. • Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo e iniciación ao pronome. • Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais. • Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención os sons k, z e g; os sons R forte e R suave; uso do h, do b, do v, do c/cc; palabras con x e palabras con ll; palabras con x e palabras con i; escritura de abreviaturas e de siglas.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
<ul style="list-style-type: none"> • Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
<ul style="list-style-type: none"> • escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
<ul style="list-style-type: none"> • Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

CIENCIAS DA NATUREZA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. • Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). • Efectúa buscas guiadas de información na rede.
<ul style="list-style-type: none"> • Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> • Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. • Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. • Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o Reino das plantas.
<ul style="list-style-type: none"> • Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. • Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. • Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. • Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos

apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.

CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social ou xeográfico. 	<ul style="list-style-type: none"> Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
<ul style="list-style-type: none"> Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.
<ul style="list-style-type: none"> Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.

	<ul style="list-style-type: none"> Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.
<ul style="list-style-type: none"> Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. 	<ul style="list-style-type: none"> Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.
<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.
<ul style="list-style-type: none"> Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
<ul style="list-style-type: none"> Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.
<ul style="list-style-type: none"> Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
<ul style="list-style-type: none"> Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.
<ul style="list-style-type: none"> Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
<ul style="list-style-type: none"> Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.
<ul style="list-style-type: none"> Distinguir os principais trazos da poboación española explicando 	<ul style="list-style-type: none"> Describe os principais rasgos da poboación española.

<p>a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. • Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. • Sitúa as zonas máis densamente poboadas.
<ul style="list-style-type: none"> • Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española. 	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o éxodo rural e a chegada de inmigrantes ao noso país. • Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	A avaliación será principalmente formativa e diagnóstica de cara a facilitar o traballo do comezo do vindeiro curso, e tomando como referencia a información proporcionada polas familias, os materiais que nos podan achegar (fotografías das tarefas, vídeos, audios...), e a observación directa que se poda facer nas videochamadas grupais. Non se realizarán probas obxectivas.
Cualificación final	A cualificación de final de curso para estas materias estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais, e dicir, non haberá variacións salvo en casos excepcionais no que un alumno ou alumna con algunha materia pendente demostre unha melloría significativa que lle supoña aprobar a materia.
Alumnado de materia pendente	O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma cualificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Envíanse tarefas diarias das áreas instrumentais e, en días salteados, das ciencias sociais e da natureza. As actividades son de reforzo e de repaso dos diferentes contidos dados ata o día do confinamento; en diferentes formatos virtuais: PDFs, documentos para a edición de textos de Google Drive, fichas de diferentes editoriais, libros académicos virtuais, actividades lúdicas online, etc. As tarefas divídense en: Comprensión lectoras e expresións escritas en lingua galega e lingua castelá; comprensión matemática (problemas e retos matemáticos); fichas de gramática e ortografía en ambas as dúas linguas oficiais; visionado de vídeos e comprensión dos mesmos; técnicas de estudo aplicadas ás ciencias (esquemas, mapas conceptuais, resumos) en diferentes formatos (papel e documentos de textos online); test online sobre contidos de ciencias; creación de xogos dos contidos aprendidos; preparación, organización, estruturación de vídeos caseiros sobre diferentes proxectos propostos polos diferentes departamentos do centro (aprendizaxe cooperativa, biblioteca, Día do Libro...), traballo de diferentes conmemoracións no período de confinamento; dinámicas de aprendizaxe cooperativo (Páxinas Amarelas); cálculo mental.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>A páxina web do cole:</u> publicación semanal das tarefas e a corrección das mesmas. - <u>O ClassDojo:</u> para potenciar o motivador sistema de puntos, que fai que os nenos/as se animen a participar máis. Ademais, axuda a unha mellor comunicación cas familias, que a páxina web non permite. - <u>O Hangouts:</u> foi unha iniciativa dun alumno e, co permiso consentido das familias, é usado para ter unha comunicación e un desenvolvemento social máis distendido co alumnado. Tamén foi usado para facer vídeochamadas mentres non había Webex. - <u>Webex:</u> para facer vídeochamadas con case todos os alumnos/as da clase (con 22 algún día), para resolver dúbidas, falar da metodoloxía, atender ás súas inquiredanzas, etc. Ademais, establecín titorías individuais con algún alumno ou alumna para axudalo na comprensión dalgúns exercicios ou para repasar algún contido determinado, que non se acababa de entender. - <u>Skype:</u> para coordinarme con especialistas externos ao centro, sobre alumno con NEAE. - <u>Outras posibilidades:</u> Whatsapp, correo electrónico, carpetas compartidas por Google Drive e teléfono. Para aquelas familias que así o preferían. - Intentei levar a cabo un proxecto do Camiño de Santiago, onde tentaba traballar a Aprendizaxe Cooperativa e de forma global todas as áreas, así coma tamén diferentes valores importantes para un

	estudiante. Tamén as competencias clave, segundo as que se rexe o noso currículo. Ao non poder participar todo o alumnado por diferentes circunstancias, quedou suspendido.
Materiais e recursos	Fichas de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editoriais. Enlaces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado. Para o alumnado NEAE, o DO adapta o material que propón a titora e aporta materiais específicos, ademais de atención e orientacións para as familias . Documentos de edición de textos, presentacións colaborativas e xogos educativos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través das vías de comunicación habituais empregadas ata o momento (correo electrónico, AbalarMóbil e teléfono), comunicarase as familias a adaptación da programación didáctica que levamos a cabo para este terceiro trimestre
Publicidade	A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.